

PREMIOS

Consello Social UDC

Empresa
Innovación
Emprendemento

premiosconsellosocial.udc.es



Consello Social
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Bases xerais da convocatoria 2018 - 2019

PRIMEIRA. OBXECTO DOS PREMIOS

O Consello Social da Universidade da Coruña convoca os Premios Consello Social da Universidade da Coruña 2018-2019 a fin de recoñecer publicamente o labor daqueles grupos de investigación, alumnos e empresas que contribuíron de xeito exemplar co seus méritos e traballo ao fomento da innovación, ao emprendemento, á internacionalización e á posta en valor do coñecemento universitario no tecido produtivo xerando benestar social.

Os Premios Consello Social da Universidade da Coruña 2018-2019 concédense en tres categorías: Premio Impulso UDC, dirixido a grupos de investigación da UDC; Premio Confianza UDC, dirixido a empresas, e Premio Emprende UDC, dirixido a estudantes e titulados/as da UDC.

Os Premios Consello Social da Universidade da Coruña 2018-2019 serán entregados nunha cerimonia solemne que se celebrará no Paraninfo da Universidade da Coruña.

SEGUNDA. PRESENTACIÓN DAS CANDIDATURAS

A presentación dunha candidatura supón a aceptación incondicional das bases da presente convocatoria. As persoas físicas e/ou xurídicas poderán presentar un máximo dunha candidatura aos premios de xeito individual ou colectivo. Non poderán presentar candidatura as persoas e entidades que foran galardoadas en anteriores edicións.

As candidaturas presentarase mediante o envío do impreso oficial cumprimentado e copia da documentación acreditativa de méritos a través da plataforma da páxina web do Consello Social habilitada a tal efecto. **O prazo de presentación de candidaturas permanecerá aberto dende o día 15 de outubro de 2018 até o día 19 de xaneiro de 2019, ambos incluídos.**

TERCEIRA. VALORACIÓN DAS CANDIDATURAS

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, publicarase unha listaxe provisional de admitidos e excluídos. As candidaturas admitidas serán avaliadas pola Comisión Executiva do Consello Social, quen realizará unha proposta de concesión ao Pleno do Consello Social. No exercicio da súa función como xurado a Comisión Executiva poderá solicitar a asistencia de empresas externas e órganos técnicos da UDC competentes por razón da materia.



22 marzo

nova data límite para a presentación de candidaturas aos premios Emprende e Confianza





CUARTA. ENTREGA DE PREMIOS

Os premiados, ao aceptar o premio, comprometeranse a participar nas actividades e actos organizados polo Consello Social nos días inmediatamente anteriores e posteriores ao acto de celebración da cerimonia de entrega.

Os **Premios Consello Social da Universidade da Coruña 2018-2019** estarán dotados con:

- > **Diploma Acreditativo** e/ou obxecto representativo.
- > **Insignia** conmemorativa.
- > O grupo de investigación galardoado na categoría Impulso UDC **recibirá tres mil euros**.
- > O grupo de alumnos/as que resulte galardoado na categoría Emprende UDC **recibirá tres mil euros**.
- > O Consello Social, en relación coa empresa galardoada na categoría Confianza UDC, efectuará, por importe máximo de tres mil euros, **unha campaña de comunicación** que incluírá accións dirixidas á posta en valor dos seus méritos para a obtención do premio.

QUINTA. ACEPTACIÓN DAS BASES

A presentación da candidatura aos premios implica a aceptación destas bases. A Dirección Técnica do Consello Social da Universidade da Coruña queda facultada para resolver cantas dúbidas de interpretación puidesen presentarse durante o prazo de presentación de solicitudes. As presentes bases atópanse excluídas do ámbito de aplicación material da Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de acordo co previsto no seu art. 4.1 a).

presenta a túa candidatura dende o 15 de outubro de 2018


até o 19 de xaneiro de 2019 en

<http://premiosconsellosocial.udc.es>



RELACIÓN UNIVERSIDADE - EMPRESA - SOCIEDADE
Consello Social UDC

PREMIO AO COMPROMISO DA EMPRESA COA UNIVERSIDADE DA CORUÑA



OBXECTO

O Consello Social da Universidade concede o Premio Confianza UDC ás empresas implicadas singularmente no fomento e/ou desenvolvemento de proxectos e iniciativas innovadoras en colaboración coa UDC en calquera das súas actividades.

PERFIL DOS CANDIDATOS

Poderán optar a estes galardóns as entidades privadas con personalidade xurídica propia que de calquera xeito colaboraran coa UDC ou calquera dos seus institutos, departamentos, grupos de investigación ou servizos.

CRITERIOS DE VALORACIÓN

A Comisión Executiva do Consello Social actuando como xurado propondrá perante o Pleno do Consello Social a concesión do Premio Confianza UDC á candidatura que destaque singularmente na consecución de obxectivos que o Consello Social da UDC considera prioritarios no eido do fomento das relacións Universidade-Sociedade, valorándose de xeito preferente aquelas entidades privadas que destaquen:

- > *Polo seu compromiso e implicación no fomento da mellora da labor docente, da actividade de I+D+i e da extensión universitaria na UDC. Neste senso valorarase a natureza das obrigas asumidas polo candidato nos distintos marcos de colaboración Universidade-Sociedade dos que fose partícipe e, no seu caso, o apoio económico ou contraprestacións que deles derivasen en beneficio da UDC.*
- > *Pola significativa repercusión dos resultados da colaboración entre a Universidade e a Sociedade no progreso económico, social, cultural, ou científico de Galicia. Estas valoracións realizaranse en base ás evidencias dos últimos dous anos principalmente.*



INNOVACIÓN NA LABOR DOS GRUPOS DE INVESTIGACIÓN
Consello Social UDC

PREMIO AO GRUPO DE INVESTIGACIÓN MÁIS COMPETITIVO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA



OBXECTO

O Consello Social da Universidade da Coruña concede o Premio Impulso UDC ao grupo de investigación da UDC máis competitivo no ámbito da investigación, a transferencia de coñecemento, a obtención de financiamento ou contribución á internacionalización da Universidade.

Este premio poderá concederse *ex aequo* de valorarse a concurrencia de dúas candidaturas merecedoras desta distinción.

PERFIL DOS CANDIDATOS

Poderán ser beneficiarios do Premio Impulso UDC os grupos de investigación que se atoparan inscritos no Catálogo de investigación desta Universidade na data de apertura do prazo de presentación das propostas de candidatura.

CRITERIOS DE VALORACIÓN

A Comisión Executiva do Consello Social actuando como xurado propondrá perante o Pleno do Consello Social a concesión do Premio Impulso ao candidato que destacara singularmente na consecución de obxectivos que dende a perspectiva da misión, visión e compromiso do Consello Social da Universidade resultan clave no eido da I+D+i.

En particular valoraranse de xeito preferente aqueles grupos que destaquen:

- > *Por orientar a súa actividade investigadora á creación e a transferencia de coñecemento innovador, que resultando útil para a resolución de problemas e/ou a satisfacción de necesidades económicas, sociais, culturais e medio ambientais concretas, contribuíra significativamente ao progreso da nosa comunidade.*
- > *Neste senso, valoraranse en particular as candidaturas que destaquen pola súa singular contribución á mellora da produtividade, competitividade e calidade das empresas galegas. Por amosar unha singular capacidade para captar recursos procedentes de fontes de financiamento alleas á Universidade.*
- > *Por ter acadado dun xeito significativo o obxectivo de internacionalización da nosa Universidade, ao proxectar os resultados da súa actividade investigadora no eido científico, social ou cultural internacional e/ou ter fomentado a creación de lazos entre a UDC e institucións de natureza pública e privada radicadas no estranxeiro. Estas valoracións realizaranse principalmente en base ás evidencias dos últimos dous anos de actividade (2017 – 2018).*



EMPRENDEDORES CREATIVOS UNIVERSITARIOS
Consello Social UDC

PREMIO Á IDEA EMPRENDEDORA MÁIS INNOVADORA DE ESTUDANTES E RECENTEMENTE TITULADOS DA UDC



OBXECTO

A través do Premio Emprende UDC o Consello Social da Universidade outorgará recoñecemento público aos estudantes e titulados/as da UDC coa mellor idea emprendedora.

PERFIL DOS CANDIDATOS

Poderán ser beneficiarios do Premio Emprende UDC os estudantes e titulados nos últimos tres anos de calquera titulación oficial da UDC na data de apertura do prazo de presentación das propostas de candidatura.

Os solicitantes deberán ser equipos multidisciplinares integrados por titulados/as da UDC ou estudantes matriculados nunha titulación impartida pola UDC á data de presentación da solicitude.

CRITERIOS DE VALORACIÓN

A Comisión Executiva do Consello Social actuando como xurado propondrá perante o Pleno do Consello Social a concesión do Premio Emprende UDC á candidatura que destacara singularmente na consecución de obxectivos que dende a perspectiva da misión, visión e compromiso do Consello Social da Universidade resultan clave no eido do emprendemento universitario.

En particular, valoraranse de xeito preferente aquelas iniciativas que destaquen polo/a:

- > *Carácter innovador e creativo*
- > *Potencial para converterse nun proxecto empresarial*
- > *Viabilidade técnica e económica*
- > *Madurez do proxecto presentado*
- > *Impacto económico e social para a contorna*

Aceptaranse ideas empresariais coa empresa constituída non máis aló dun ano antes á data de apertura do prazo de presentación das candidaturas.



Consello Social
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

